

CONTA SATÉLITE DA PRODUCCIÓN DOMÉSTICA. Base 2008

METODOLOXÍA

1. Obxectivos

A Conta Satélite da Produción Doméstica de Galicia (CSPDG) ten como obxectivo principal achegar unha estimación do valor económico das actividades desenvolvidas nos fogares galegos. Recolle tanto as actividades produtivas xa reflectidas nas Contas Económicas realizadas baixo a metodoloxía do Sistema Europeo de Contas 1995 (SEC), como aquelas consideradas como non produtivas, e para as que está pensado a realización da Conta Satélite.

Baixo a metodoloxía do SEC, o sector fogares realiza basicamente funcións de consumo e, eventualmente, produción de mercado realizada por traballadores autónomos, sociedades personalistas ou comunidades de bens. Inclúese tamén a produción voluntaria de bens e a produción doméstica de uso propio, como por exemplo a produción agrícola para autoconsumo ou a produción dos servizos de alugueiro de vivendas ocupadas polos seus propietarios (alugueiro imputado). Porén, na elaboración das Contas Económicas exclúense aqueles servizos que os fogares producen para o uso propio¹, como poden ser a preparación de alimentos, a limpeza do fogar ou o coidado de nenos e maiores. Ademais non se computa aquela produción voluntaria de servizos prestados a outros fogares.

A Conta Satélite amplía a fronteira de produción definida polo SEC para incluír xunto coa produción de mercado dos fogares que se pode atopar nas Contas Económicas, outro tipo de actividades realizadas polos fogares en concreto aqueles bens e servizos producidos dentro dos fogares polos seus membros, combinando o seu traballo non remunerado con compras de bens duradeiros e non duradeiros. Esta produción úsase nos fogares sen pasar polo mercado.

O obxectivo será presentar unhas contas de produción e explotación do sector fogares e da economía galega cunha fronteira de produción ampliada, así como a conta de bens e servizos ampliada resultante da estimación dos servizos producidos e consumidos nos fogares sen pasar polo mercado. Tamén se presentará unha distribución da produción doméstica agrupada en funcións e sexo, o que permitirá realizar unha análise dende a perspectiva de xénero, xa que esta operación estatística permite un mellor coñecemento da distribución das tarefas domésticas non remuneradas entre homes e mulleres e, polo tanto, da súa achega ao que chamaremos economía estendida.

¹ Tanto o Sistema de Contas Nacionais, SCN93, como o SEC95 exclúen explicitamente do fluxo “produción” aquelas actividades dos fogares que xeran servizos domésticos ou persoais e que se consumen dentro do mesmo fogar. Ver SEC (3.09) e SCN (6.17).

Actualmente non existe unha metodoloxía de obrigado cumprimento para a elaboración desta conta satélite e son poucos os países que a elaboran. Eurostat ten publicado unha proposta para unha metodoloxía resultado da actividade dun grupo de traballo², proposta que o Instituto Galego de Estatística segue nos aspectos principais tal e como se exporá neste proxecto técnico e como se fixo na primeira edición da conta satélite elaborada en Galicia³.

2. Principais conceptos e variables de estudo

O concepto de fogar

O concepto de fogar é análogo ao utilizado no marco de Contas Nacionais, polo tanto é o definido polo Sistema Europeo de Contas. O SEC (2.75) define fogar como pequenos grupos de persoas que comparten un mesmo aloxamento e poñen en común parte ou a totalidade das súas rendas e patrimonio, e que consumen colectivamente determinados bens e servizos, principalmente o aloxamento e a alimentación. Ademais o SEC engade que esta definición pode complementarse coa existencia de vínculos familiares ou afectivos.

Nesta definición inclúense as persoas que viven en institucións de forma permanente (por exemplo, ingresados en hospitais, membros de ordes relixiosas, presos), que como veremos máis adiante non serán tidos en conta para as estimacións dunha conta satélite de produción doméstica.

A diferenza fundamental entre a consideración do fogar en termos SEC e os fogares na conta satélite de produción doméstica témola nas funcións que lle son asignadas. O SEC define o consumo como a función principal do sector institucional fogares, e *eventualmente* a produción de bens e servizos de mercado. Estas son as funcións consideradas en Contas Económicas para a delimitación do sector, pero estas funcións amplíanse significativamente dende a perspectiva da CSPDG. Esta ampliación xorde no aspecto produtivo dos fogares, considerando que os fogares producen os bens e servizos que eles mesmos consumen, e que teñen como función principal a satisfacción das necesidades básicas na vida dun fogar.

A fronteira da produción e a economía estendida

A definición xeral da produción incluída no SEC fala dunha *actividade realizada baixo o control e a responsabilidade dunha unidade institucional que utiliza man de obra, capital e bens e servizos, para producir outros bens e servizos (SEC 3.07)*. Pero aclara que non se inclúen os servizos domésticos e

² En 2003 a oficina de estatística da Unión Europea, EUROSTAT, publicou unha proposta para unha metodoloxía dunha conta satélite de produción doméstica como documento de traballo. Esta proposta é o resultado da actividade dun grupo de traballo. EUROSTAT(2003): *Household Production and Consumption. Proposal for a Methodology of Household Satellite Accounts*. Working papers and studies. European Commission

³ Véxase IGE (2006) Conta Satélite da produción doméstica de Galicia. Ano 2003.

persoais que se producen e consumen no mesmo fogar con dúas excepcións: os que produce o persoal remunerado (servizo doméstico) e o alugueiro imputado.

Na conta satélite amplíase a fronteira de produción definida no SEC para incluír unha valoración económica dos servizos domésticos e persoais que se producen e consumen no fogar. Porén, non tódalas actividades realizadas polos fogares van ser valoradas, e utilizaremos o “criterio da terceira parte⁴” para discriminar entre actividades produtivas e non produtivas. Este criterio, cuxo uso está amplamente aceptado nos traballos de valoración do traballo doméstico, considera actividade produtiva aquela actividade realizada por un fogar que pode ser delegada en outra persoa, isto é, inclúe actividades non remuneradas polo mercado e que realiza un fogar, pero que poderían ser reemprazadas por produtos e servizos de mercado, realizadas por un terceiro.

A valoración económica deste conxunto de actividades non valoradas na metodoloxía SEC lévanos a introducir o concepto de economía estendida entendendo como tal a nova valoración de actividades que quedaban excluídas da fronteira de produción definida polo SEC así como unha serie de cambios conceptuais en determinados agregados económicos que veremos máis adiante.

SECTORES INSTITUCIONAIS	Actividades incluídas segundo o SEC	Actividades non incluídas segundo o SEC e valoradas pola conta satélite	Actividades consideradas improdutivas
	ECONOMÍA ESTENDIDA		Sen valoración económica
Fogares	Consumidores e produtores de bens e servizos non constituídos en sociedade	Servizos domésticos e persoais que se consumen e producen no fogar	Actividades que un terceiro non pode realizar no nome dun fogar: durmir, pasear, ocio
Sociedades non financeiras	Produción de bens e servizos non financeiros		
Institucións financeiras	Intermediación financeira e actividades auxiliares		
Administracións públicas	Produción de servizos colectivos e bens individuais; tarefas de distribución de renda		
Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares	Sirven aos fogares		
	Actividades incluídas no Produto interior Bruto dunha economía	Actividades incluídas na Conta satélite de produción doméstica	Actividades non incluídas nin valoradas

Cadro 1 A economía estendida e os sectores institucionais

Agrupación das actividades produtivas por funcións

⁴ REID, MARGARET (1934): Economics of Household Production. New York. Ed. John Wiley.

Os fogares realizan unha multitude de tarefas de non mercado que agruparemos en cinco grandes funcións:

- función aloxamento: inclúe aquelas actividades que realizan os membros do fogar para o coidado da vivenda. Inclúe a compra ou aluguer dunha vivenda, amoblar e equipar a vivenda, así como as actividades de limpeza, mantemento e reparación
- función nutrición: inclúe a preparación de comidas, e todas as actividades relativas a proporcionar alimentación ó fogar
- función roupa: actividades que realizan os fogares tales como a adquisición e coidado da roupa, etc
- función coidados: a produción serían servizos de coidado dos nenos, de persoas dependentes dentro do fogar, etc
- traballo voluntario: inclúe as actividades voluntarias de prestación de servizos a outros fogares, ou a institucións sen fins de lucro ó servizo dos fogares. Considérase informal cando o realizan os fogares por iniciativa propia, axudando a familiares ou veciños.

Para cada unha destas funcións o satélite doméstico ofrecerá información das variables incluídas na conta de produción e explotación: produción, consumos intermedios, valor engadido bruto, outros impostos netos sobre a produción, remuneración dos asalariados, excedente de explotación e renda mixta.

	Contas do sector fogares (SEC)	Contas estendidas do sector fogares (conta satélite de produción doméstica)					
	Actividades do sector fogares valorada no SEC	Proporcionar aloxamento	Proporcionar comida	Proporcionar roupa	Proporcionar coidados e educación	Traballo voluntario	Actividades do sector fogares non valoradas no SEC
Produción	Elaboradas según a metodoloxía SEC. Incluída no marco central das contas económicas	Actividades produtivas de non mercado realizadas polos fogares e non consideradas no marco central das contas económicas. Obxecto de valoración na conta satélite de produción doméstica					
Consumos intermedios							
Valor engadido bruto							
Impostos netos sobre a produción							
Excedente de explotación / Renda mixta bruta							

Cadro 2 Contas de produción e do sector fogares estendida

3. Procedemento de estimación

Para obter a valoración das actividades produtivas non incluídas nas contas económicas elaboradas coa metodoloxía SEC, e para obter unha conta de produción e explotación das ditas actividades seguiremos o criterio dos inputs. O output producido polos fogares non é obxecto dunha transacción no mercado e polo tanto non ten unha valoración económica dada por este. Non existe un sistema de prezos para valorar os bens e servizos producidos e consumidos dentro dos fogares.

O método baseado nos inputs valora a produción por agregación dos custos nos que os fogares incorren: valor do traballo, impostos netos sobre a produción, consumo de capital fixo e gastos correntes para desenvolver o seu traballo. Este método de estimación da produción non é propio da conta satélite, xa que a valoración da produción dos produtores de non mercado está recollida no SEC⁵.

O esquema de estimación da produción doméstica baixo o método dos inputs será o seguinte:

+ Valoración do traballo doméstico produtivo pero non remunerado no mercado	Remuneración dos asalariados
- Impostos netos sobre a produción doméstica non remunerada polo mercado	Outros impostos netos sobre a produción
+ Gastos derivados da depreciación dos activos fixos utilizados polos fogares na produción de servizos domésticos	Consumo de capital fixo
VALOR ENGADIDO BRUTO XERADO POLAS ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN DOMÉSTICA	
+ Gastos correntes en bens e servizos utilizados polos fogares no proceso de produción de servizos domésticos non remunerados polo mercado	Consumos intermedios
VALOR TOTAL DA PRODUCCIÓN DOMÉSTICA	

Cadro 3 Estimación da produción doméstica. Método dos inputs

Estimación da remuneración dos asalariados

O obxectivo é valorar o traballo doméstico, dito doutro modo, o tempo de traballo doméstico empregado polos fogares no que denominamos actividades produtivas. Esta valoración depende da dispoñibilidade dunha fonte estatística que valore o tempo empregado polos fogares galegos nunha

⁵ Indica que a “produción total dos outros produtores non de mercado deberá valorarse polos custos totais de produción, é dicir, pola suma de a) consumos intermedios; b) remuneración dos asalariados; c) consumo de capital fixo; d) os outros impostos sobre a produción menos as outras subvencións á produción”. Ver SEC 3.53

serie de actividades, isto é a dispoñibilidade das estatísticas sobre o uso do tempo. Precisa ademais de datos sobre salarios por hora a aplicar ao tempo dedicado polos fogares a actividades produtivas.

Uso do tempo

As estatísticas sobre uso do tempo⁶ ofrecen resultados do promedio de tempo diario (medido en horas e minutos) dedicado a unha actividade polas persoas que a realizan, distinguindo o sexo, aspecto fundamental para completar un dos obxectivos básicos da conta satélite. Este será o punto de inicio da valoración do traballo non remunerado: estimar o tempo que nun día promedio os fogares galegos realizan actividades produtivas non remuneradas.

A relación de actividades agruparanse en tres grupos:

- tempo de traballo remunerado: xa incluído na estimación da remuneración de asalariados baixo a metodoloxía SEC
- tempo dedicado a actividades non produtivas: aplicando o criterio da terceira parte estamos a falar de actividades que ningún terceiro pode realizar en lugar da persoa, isto é, actividades como durmir, ler, e en xeral aquelas relacionadas co ocio individual
- tempo dedicado a actividades produtivas non remuneradas: aquelas que un terceiro podería desenvolver en nome do fogar e para consumo de este. Exemplos serían: facer a comida, limpeza doméstica, coidado de menores e persoas dependentes, etc.

Os dous primeiros grupos non son obxecto de valoración na conta satélite. No primeiro caso porque o mercado xa valorou ditas actividades que forman parte da economía e estaría incluída no concepto de “remuneración dos asalariados” en termos de contabilidade e, polo tanto, incluído no produto interior bruto (dende a perspectiva das rendas) ou da renda bruta dispoñible dos fogares. No segundo caso estamos a falar de actividades que quedan fóra da fronteira de produción ampliada que definimos e que non deben valorarse xa que non teñen como resultado a produción de bens e servizos autoconsumidos polos fogares.

A listaxe de actividades incluída nas enquisas de uso do tempo son extensas e para facilitar a análise agruparemos as actividades nas cinco funcións definidas anteriormente. Como resultado teremos un tempo de traballo doméstico en cinco grandes funcións, tempo ao que daremos unha valoración económica. No anexo I incluímos as actividades da enquisa de uso do tempo consideradas como actividades produtivas e a súa clasificación funcional.

Salario por hora

⁶ No apartado de “Fontes estatísticas” deste proxecto técnico descríbense as principais características da Encuesta de Empleo del Tiempo elaborada polo Instituto Nacional de Estadística.

Na elección do salario por hora a CSPDG seguirá o criterio do custo de reemprazamento que supón que cando os fogares realizan actividades domésticas están aforrando un pagamento que doutra maneira deberían facer no mercado, contratando persoal para facer as tarefas do fogar⁷.

O seguinte paso é seleccionar o salario que sexa máis representativo para valorar estas tarefas. Para a elaboración da conta satélite decantámonos pola remuneración dun traballador non especializado, sen unha cualificación especial e que realicen tódalas tarefas propias dun fogar. Considérase a base de valoración máis adecuada xa que o tempo de traballo destinado polo fogar a actividades domésticas tería unha produtividade similar, o abano de actividades que realizan estes traballadores é similar ás que poden facer os membros dos fogares e contan cos mesmos medios materiais para desenvolvelo.

Para valorar as actividades domésticas realizadas utilizaremos a ratio “Soldos e salarios” dividido polas horas traballadas, estimada na rama de actividade “Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico” (R97) incluída na operación estatística Contas Económicas de Galicia. Esta variable inclúe os impostos sobre a renda e as cotizacións sociais á seguridade social do asalariado, e falamos polo tanto dun soldo bruto⁸.

Elevación ao total poboacional

Estamos traballando con datos do uso do tempo nun día tipo, con resultados por sexo. Para elevar os resultados ao total anual e poboacional teremos que multiplicar por 365 días, e pola poboación de homes e mulleres. Tal e como veremos no apartado de fontes a enquisa de uso do tempo utilizada ten como unidades de análise os membros dos fogares de dez ou máis anos, polo tanto elevaremos os resultados cos datos proporcionados pola operación “*Estimaciones Intercensales de Población*” elaborada polo Instituto Nacional de Estadística (INE)

Estimación dos Outros impostos netos sobre a produción

No esquema de estimación do valor da produción doméstica incluimos a valoración dos “outros impostos netos sobre a produción” que incluíría aqueles impostos soportados polas unidades institucionais (e subvencións disfrutadas por estas) por participaren na produción independentemente do nivel desta.

O Manual de Eurostat recomenda reclasificar unha serie de impostos que os fogares pagan como sector institucional e que se consideran sobre a renda (“*Impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc.*”, D5). Estes impostos inclúen pagamentos dos fogares por licenzas de tenza de

⁷ Na literatura sobre valoración do traballo doméstico atopámonos con referencias ao enfoque do custo de oportunidade, segundo o cal, o tempo que empregan os fogares en tarefas domésticas non remuneradas reduce o tempo de traballo remunerado e o salario asignado as tarefas domésticas sería diferente en función do traballo remunerado de cada membro do fogar.

⁸ Entendemos que se un fogar ten que adquirir os servizos domésticos no mercado pagarían un salario bruto.

vehículos, que se utilizan para desenvolver actividades produtivas. Porén, é complexo illar que volume de impostos se deberían asignar a actividades valoradas no satélite, e en todo caso, serían de escasa magnitude e a súa inclusión ou exclusión non altera os obxectivos finais da conta satélite.

Na CSPD de Galicia non se realiza unha estimación dos Outros impostos netos sobre a produción.

Consumos intermedios

O SEC define os consumos intermedios como o valor dos bens e servizos consumidos como insumos nun proceso de produción, excluídos os activos fixos. A ampliación da fronteira de produción realizada no satélite doméstico implica que imos valorar unha serie de servizos domésticos que o SEC no considera produción. Para producir estes servizos os fogares consumen unha serie de bens e servizos considerados gasto en consumo final dos fogares baixo a metodoloxía SEC, pero que agora deben computarse como *inputs* da actividade produtiva doméstica. Por exemplo: o consumo de carne rexistrado como gasto en consumo final convértese en consumo intermedio da función “proporcional comida” do satélite doméstico⁹.

A estimación dos consumos intermedios nos que incorren as novas unidades produtivas parte do vector do gasto en consumo final por produtos estimado anualmente no IGE, e publicado na operación estatística “Marco Input-Output de Galicia”.

Economía SEC	Conta satélite de produción doméstica	
Gasto en consumo final dos fogares	Gasto en consumo final dos fogares	Asociado a actividades non produtivas
	Consumos intermedios	Bens e servizos utilizados para producir servizos domésticos
	Formación bruta de capital fixo	Bens duradeiros que participan no proceso de produción dos servizos domésticos

Cadro 4 Reclasificación do gasto en consumo final

O gasto en consumo final de cada produto i da táboa de destino (GCF_i^C) será clasificado en unha, dúas ou tres categorías, isto é, consumos intermedios (CI_i), gasto en consumo final (GCF_i^{CSPD}) e formación bruta de capital (FBK_i).

$$GCF_i^C = GCF_i^{CSPD} + FBK_i + CI_i$$

⁹ A reclasificación do gasto é común tanto ao enfoque do input como ao do output

No caso de ter produtos reclasificados en consumo intermedio teremos que asignar cada produto a un grupo de funcións, co obxectivo de completar a conta de produción doméstica.

$$CI_i = CI_{Fai} + CI_{Fni} + CI_{Fri} + CI_{Fci} + CI_{Fvi}$$

Sendo CI_{Fai} os consumos intermedios asignados á función de aloxamento, CI_{Fni} os asignados á función de proporcionar comida; CI_{Fri} , función de roupa; CI_{Fci} función de coidados e CI_{Fvi} , traballo voluntario.

Consumo de capital fixo

Os fogares empregan determinados bens duradeiros para a produción doméstica. Neste uso vai implícito unha depreciación ou deterioro, o que implica un custo que debe terse en conta no esquema de valoración da produción doméstica dos fogares galegos.

A estimación deste custo supón aplicar o Método de Inventario Perpetuo (MIP). A base deste método reside no seguinte concepto: o valor dun activo depende principalmente das rendas que se espera que xeren durante o período de vida dese activo. Eses rendementos son as ganancias obtidas polo activo durante cada período constante.

Usando o MIP o stock bruto de capital calcúlase como a suma da formación bruta de capital nos anos útiles do activo.

Este método require estimacións ou supostos sobre:

- método de depreciación
- series de formación bruta de capital
- vida útil dos activos

Método de depreciación

Utilízase o método de depreciación lineal que asume unha cantidade fixa de depreciación do activo por cada ano de vida útil. Non se considera ningún valor residual para os activos, e no caso dos anos de cálculo (ano de referencia da conta satélite) e do primeiro ano de vida útil (ano de compra do activo) considerarase que a depreciación é da metade xa que o activo puido comprarse tanto ao final

como ao principio do ano. Consideramos a seguinte fórmula para o cálculo do consumo de capital fixo da conta satélite:

$$CCF_b = \frac{1}{2} \times \frac{1}{T} FBCF_b + \sum_{t=1}^{T-1} \left(\frac{1}{T} FBCF_{b-t} \right) + \frac{1}{2} \times \frac{1}{T} FBCF_{b-T}$$

CCF_b: consumo de capital fixo no ano *b* (ano de referencia da conta satélite)

T: vida útil media de cada un dos produtos seleccionados

FBCF_{*t*}: formación bruta de capital fixo no ano *t*

Series de formación bruta de capital a prezos constantes

Pártese da estimación da formación bruta de capital no ano de referencia da conta satélite. Xa indicamos no apartado anterior que estamos a falar daqueles bens e servizos que participan no proceso de produción dos servizos domésticos e que se estima tomando como punto de partida os datos das contas económicas anuais reclasificados en tres grupos: gasto en consumo final, formación bruta de capital ou consumos intermedios.

Esta estimación debe realizarse para unha serie de anos anteriores ao ano de referencia da conta satélite ata completar series tan longas como anos de vida útil se estimen para cada un dos produtos. Nalgúns casos, dada a extensión destas vidas útiles, non hai información nas estatísticas do sistema de contas para elaborar series e deberemos estimalas con información aproximada, só co obxectivo de dispoñer series para estimar o consumo de capital fixo co método do inventario permanente.

Entre as fontes de información utilizadas atópanse a *Encuesta Continua de Presupuestos Familiares*, os datos das matriculacións de vehículos (series dispoñibles dende 1994) e variables proxy como a superficie construída de vivendas residenciais.

O método utilizado precisa series en prezos constantes, polo tanto precisamos un deflactor que nos permita illar o efecto dos prezos nos anos anteriores ao ano de referencia da conta satélite. Na maior parte dos casos utilizaremos series do Índice de Prezos ao Consumo (IPC), medida estatística da evolución dos prezos dos bens e servizos que consume a poboación referencia. Estamos a falar de datos de consumo final dos fogares, reclasificado en formación bruta de capital, polo que entendemos que é o mellor indicador para deflactar as series. Para cada ben considerado investimento na conta satélite buscaremos o indicador dos prezos coa maior desagregación posible.

No caso de dispoñer de series de consumo en unidades físicas utilizarase a súa evolución para estimar as series en prezos constantes. Este é o caso das matriculacións de vehículos, utilizadas para construír a serie de investimento en automóviles dos fogares galegos no satélite doméstico.

Vida útil dos activos

Non existen estimacións de vidas útiles baseadas en información estatística, e a maioría proveñen de fontes fiscais (a amortización é moi importante na contabilidade das empresas, e ten efectos fiscais evidentes). Isto débese, en parte, á ausencia de datos sobre retiros de activos fixos.

Para coñecer as vidas útiles dos bens considerados investimento utilizamos as táboas de coeficientes de amortización da lexislación do Imposto de Sociedades, táboas publicadas anualmente pola AEAT nos manuais correspondentes ao imposto.

Producción doméstica e conta de bens e servizos da economía estendida

Por agregación do valor engadido bruto e os consumos intermedios obtemos a produción doméstica tal como se reflectiu no cadro 3. A produción doméstica ten como destino o consumo no fogar, polo que a conta de bens e servizos da economía estendida recollerá unha nova produción, un novo consumo e a reclasificación do gasto en consumo final.

- A produción da economía verase incrementada pola produción de servizos domésticos producidos no fogar. Toda esta produción implica un maior consumo dos fogares
- O consumo dos fogares redúcese na parte correspondente aos consumos intermedios utilizados no proceso de produción de servizos domésticos e á adquisición de activos fixos utilizados nesta produción. As variables de consumos intermedios e formación bruta de capital da economía incrementanse.
- Non hai modificacións na economía estendida no resto de conceptos da conta de bens e servizos

CONTAS ECONÓMICAS	MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NA CSPD	
Produción	Engadimos a estimación da produción doméstica	RECURSOS DA CONTA DE BENS E SERVIZOS
Impostos netos sobre os produtos		
Importacións de bens e servizos		

Consumos intermedios	Engadimos: gasto en consumo clasificado en consumo intermedio	EMPREGOS DA CONTA DE BENS E SERVICIOS
Formación bruta de capital	Engadimos: gasto en consumo clasificado en formación bruta de capital fixo	
Gasto en consumo final dos fogares	Quitamos: gasto en consumo clasificados en consumo intermedio ou formación bruta de capital Engadimos: a produción doméstica estimada na CSPD	
Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF		
Exportacións		

Cadro 5 Conta de bens e servizos da economía estendida

4. Fontes estatísticas

A Conta Satélite de Producción Doméstica insírese no sistema de contas económicas de Galicia, e representa unha extensión do sistema. Como conta satélite pon o seu foco en determinadas actividades desenvolvidas nos fogares para darlle unha valoración económica, pero ten o seu punto de partida na conta de produción e explotación do sector fogares. Tamén é fundamental o vector do gasto en consumo final dos fogares publicado no Marco Input-Output de Galicia¹⁰.

Contas económicas de Galicia

O obxectivo das Contas Económicas de Galicia é ofrecer unha representación cuantificada da realidade económica galega, que sexa completa, sistemática, sinxela e detallada. Esta estatística de síntese permite estudar a economía, a súa evolución, as súas compoñentes e a relación con outras economías do seu entorno. O estudo da economía galega pode realizarse a partires da estimación do Produto Interior Bruto (PIB) e o emprego, principais variables que se obteñen nas contas económicas e as series contables homoxéneas proporcionan información sobre a súa evolución ao longo do tempo.

A conta de produción e explotación do sector fogares elabórase estimando a participación do sector fogares en cada rama de actividade, na que se busca obter tódalas variables da conta de produción e explotación. Por agregación das ramas de actividades temos unha estimación da produción e o valor engadido, como variables máis importantes, do sector fogares.

¹⁰ Non se publica o marco input-output con periodicidade anual, pero si se elaboran estimacións internas deste vector ano a ano.

Un dos resultados das contas económicas son a conta de produción e explotación da rama de actividade “Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico” que ofrece información dos soldos e salarios pagados no sector e información do input de traballo asociado. Esta información será utilizada para valorar o tempo de traballo en actividades produtivas domésticas.

Marco Input-Output de Galicia

O obxectivo principal do Marco Input-Output é a descrición do proceso produtivo dentro da comunidade autónoma galega e os fluxos de bens e servizos da economía. O Marco ten como núcleo fundamental as **táboas de orixe e destino**, que son matrices por ramas de actividade e produtos nas que se describen os procesos interiores de produción e as operacións de bens e servizos dunha economía con gran detalle. Ditas táboas constitúen o marco central de tódalas táboas por rama de actividade e amosan:

- a) a estrutura dos custos de produción e da renda xerada no proceso produtivo
- b) os fluxos de bens e servizos producidos dentro da economía considerada
- c) os fluxos de bens e servizos co resto do mundo.

Dentro da información subministrada por esta fonte destaca, aos efectos da CSPDG, o vector do gasto en consumo final dos fogares, que desagrega o nivel do gasto dos fogares en varios produtos. Constitúe a base para a estimación dos consumos intermedios asociados as actividades produtivas realizadas nos fogares e o investimento para realizar as ditas actividades.

Encuesta de Empleo del Tiempo (INE)

As enquisas de emprego do tempo son a fonte fundamental para estimar a produción doméstica cando se opta por un método de estimación baseado nos inputs. Dende esta perspectiva o traballo doméstico é o principal compoñente do valor engadido dunha conta satélite de produción doméstica, e estas enquisas son a forma máis fiable de avaliar o volume de traballo non remunerado desempeñado nos fogares.

No caso da CSPDG a fonte básica é a *Encuesta de Empleo del Tiempo*¹¹ que realiza o Instituto Nacional de Estatística. Trátase dunha enquisa de periodicidade irregular, cuxa poboación obxecto de investigación son os fogares privados que residen en vivendas familiares principais, e dentro deles os membros do fogar de dez ou máis anos de idade.

¹¹ A metodoloxía correspondente á edición 2009-2010 da “*Encuesta de Empleo del Tiempo*” pode atoparse neste enlace <http://www.ine.es/metodologia/t25/t25304471.pdf>

A principal característica a investigar na enquisa é a actividade principal definida como acción principal realizada pola persoa informante nun momento dado. Os datos referentes a esta actividade recóllense no diario de actividades, cuxa explotación permitirá publicar para unha serie de actividades -codificadas segundo a adaptación nacional da lista de actividades harmonizada proposta por Eurostat-, os seguintes resultados:

- A distribución de actividades nun día promedio por tipo de día
- Porcentaxe de persoas que realizan unha actividade no transcurso do día
- Duración media diaria dedicada á actividade polas persoas que a realizan
- Porcentaxe de persoas que realiza a mesma actividade no mesmo momento do día

O deseño da operación permite combinar estes resultados por unha serie de variables sociodemográficas como tipo e tamaño do fogar, activo ou inactivo e sexo, entre outras. Ademais ofrece información por comunidades autónomas, que ademais é criterio de estratificación, o que garante un mínimo de calidade en determinados aspectos da explotación desta enquisa¹².

Nas estimacións da CSPDG utilizarase unha explotación de resultados para Galicia, da distribución de actividades nun día promedio, por sexo.

Outras fontes de información relevantes

Estimaciones intercensales de población: Operación estatística elaborada polo INE que constitúe unha aproximación á poboación residente en España, comunidades autónomas e provincias para os períodos entre censo e censo. Os resultados son utilizados no INE como poboación de referencia para enquisas a fogares e no cálculo de indicadores. Para os efectos da Conta Satélite utilízase para elevar os datos do día tipo ao total poboacional por sexo e para maiores de 10 anos.

Encuesta continua de presupuestos familiares: foi substituída pola actual *Encuesta de Presupuestos Familiares Base 2006* e utilízamola para estimar as series de formación bruta de capital dos fogares. É unha operación elaborada polo INE que subministra información trimestral e anual sobre a orixe e contía das rendas dos fogares e o xeito co que se empregan en diversos gastos de consumo.

Matriculación de vehículos: datos publicados pola Dirección Xeral de Tráfico (Ministerio do Interior) e utilizados na conta satélite para estimar as series de investimento dos fogares en vehículos a prezos constantes, para o cálculo do consumo de capital fixo.

¹² A edición 2009-2010 da enquisa tiña un tamaño mostral de 684 vivendas en Galicia.

5. Resultados difundidos

- Conta de bens e servizos da economía estendida
- Contas de produción e explotación da economía estendida
- Contas de produción e explotación do sector fogares
- Contas de produción e explotación do sector fogares por funcións
- Valor engadido bruto por sexo e funcións

ANEXO I. LISTAXE DE ACTIVIDADES DA ENQUISA DE EMPREGO DO TEMPO E FUNCIÓNS ÁS QUE SE ASIGNAN

CÓDIGO	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE PRODUCTIVA	SEC / CSPD	ALOXAMENTO	COMIDA	ROUPA	COIDADOS/EDUCACIÓN	TRABALLO VOLUNTARIO
011	Dormir	NON	--					
012	Enfermo na cama	NON	--					
021	Comidas e bebidas	NON	--					
031	Aseo e vestido	NON	--					
039	Outros coidados persoais, especificados ou non	NON	--					
111	Traballo principal e Slundario	SI	SEC					
121	Pausa para a comida	SI	SEC					
122	Busca de emprego	NON	--					
129	Outras actividades relacionadas co traballo, especificadas ou non	NON	--					
200	Estudos sen especificar	NON	--					
211	Clases, cursos e conferencias	NON	--					
212	Deberes e biblioteca	NON	--					
221	Estudos durante o tempo libre	NON	--					
300	Actividades para o fogar e a familia non especificadas	SI	CSPD	X	X	X	X	
311	Preparación de comidas e conservación de alimentos	SI	CSPD		X			
312	Fregar a vaixela	SI	CSPD		X			
321	Limpeza da vivenda	SI	CSPD	X				
322	Limpeza do xardín e exteriores da vivenda	SI	CSPD	X				
323	Calefacción e abastecemento de auga	SI	CSPD	X				
324	Tarefas diversas de organización	SI	CSPD	X				
329	Outros mantementos do fogar, especificados ou non	SI	CSPD	X				
331	Colada	SI	CSPD			X		
332	Pasar o ferro	SI	CSPD			X		
333	Confección de roupa	SI	CSPD			X		
339	Outras actividades de confección e coidado de roupa, especificadas ou non	SI	CSPD			X		
341	Xardinería	SI	CSPD	X	X			
342	Coidado de animais domésticos	SI	SEC					
343	Coidado de mascotas	SI	CSPD				X	
344	Pasear o can	SI	CSPD				X	
349	Outras actividades de xardinería e coidado de animais, especificadas ou non	SI	CSPD	X	X		X	
351	Construción, renovación da vivenda	SI	SEC					
352	Reparacións da vivenda	SI	CSPD	X				
353	Fabricación, reparación e mantementos do equipamento do fogar	SI	CSPD	X				

CÓDIGO	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE PRODUCTIVA	SEC / CSPD	CUIDADOS/EDUCACIÓN				
				ALOXAMENTO	COMIDA	ROUPA	TRABALLO VOLUNTARIO	
354	Mantemento de vehículos	SI	CSPD	X	X	X	X	
359	Outras actividades de construción e reparacións, especificadas ou non	SI	CSPD	X				
361	Compras	SI	CSPD	X	X	X		
362	Servizos comerciais e administrativos	SI	CSPD	X	X	X		
363	Servizos persoais	NON	--					
369	Outras comparas e servizos, especificados ou non	SI	CSPD	X	X	X	X	
371	Xestións do fogar	SI	CSPD	X	X	X		
381	Coidados físicos e vixilancia de nenos	SI	CSPD				X	
382	Ensinar aos nenos	SI	CSPD				X	
383	Ler, xogar, falar ou conversar cos nenos	SI	CSPD				X	
384	Acompañar aos nenos	SI	CSPD				X	
389	Outros coidados de nenos, especificados ou non	SI	CSPD				X	
391	Coidados físicos de adultos dependentes de membros do fogar	SI	CSPD				X	
392	Outras axudas a adultos dependentes membros do fogar	SI	CSPD				X	
399	Axudas a adultos membros do fogar non dependentes	SI	CSPD				X	
411	voluntario ao servizo dunha organización	SI	CSPD					X
421	Axuda para a construción e reparacións	SI	CSPD					X
422	Axuda no traballo e na agricultura	SI	CSPD					X
423	Coidado de fillos que viven noutro fogar	SI	CSPD					X
424	Axuda no coidado de nenos doutro fogar	SI	CSPD					X
425	Axuda a adultos doutros fogares	SI	CSPD					X
429	Outras axudas informais, especificadas ou non	SI	CSPD					X
431	Reunións	NON	--					
432	Prácticas relixiosas	NON	--					
439	Outras actividades participativas, especificadas ou non	NON	--					
511	Vida social en familia	NON	--					
512	Visitar e recibir visitas	NON	--					
513	Festas e celebracións	NON	--					
514	Conversacións telefónicas	NON	--					
519	Outras actividades de vida social, especificadas ou non	NON	--					
521	Cine	NON	--					
522	Teatro e concertos	NON	--					
523	Exposicións de arte e museos	NON	--					
524	Bibliotecas	NON	--					
525	Espectáculos deportivos	NON	--					
529	Outras actividades de diversión e cultura, especificadas ou non	NON	--					
531	Ocio pasivo	NON	--					

CÓDIGO	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE PRODUCTIVA	SEC / CSPD					
				ALOXAMENTO	COMIDA	ROUPA	COIDADOS/EDUCACIÓN	TRABALLO VOLUNTARIO
611	Andar, pasear, camiñar	NON	--					
612	Comer	NON	--					
613	Ciclismo, esquí e patinaxe	NON	--					
614	Deportes con balón ou pelota	NON	--					
615	Ximnasia, fitness e culturismo	NON	--					
616	Deportes acuáticos	NON	--					
619	Outras actividades de exercicio físico, especificadas ou non	NON	--					
621	Exercicio produtivo (caza, pesca ...)	SI	SEC					
631	Actividades relacionadas cos deportes	NON	--					
711	Afeccións artísticas	NON	--					
	Coleccionismo	NON	--					
713	Correspondencia	NON	--					
719	Outras artes e afeccións, especificadas ou non	NON	--					
	Programación informática	NON	--					
722	Busca de información por ordenador	NON	--					
723	Comunicación por ordenador	NON	--					
729	Outras actividades informáticas, especificadas ou non	NON	--					
731	Xogos en solitario, apostas	NON	--					
732	Xogos de sociedade	NON	--					
733	Xogos informáticos	NON	--					
739	Outros xogos, especificados ou non	NON	--					
811	Lectura de prensa	NON	--					
812	Lectura de libros	NON	--					
819	Outras lecturas, especificadas ou non	NON	--					
821	Ver televisión	NON	--					
822	Ver DVD ou vídeos	NON	--					
829	Ver televisión, DVD ou vídeos, especificados ou non	NON	--					
831	Escoitar a radio	NON	--					
832	Escoitar gravacións	NON	--					
839	Escoitar a radio ou gravacións, especificadas ou non	NON	--					
900	Outros traxectos cun propósito, especificados ou non	NON	--					
910	Traxectos de ida ou volta ao traballo	NON	--					
920	Traxectos debidos aos estudos	NON	--					
930	Traxectos debidos a outras actividades de fogar e familia	SI	CSPD	X	X	X		
936	Traxectos debidos a compras e servizos	SI	CSPD	X	X			
938	Traxectos debidos ao coidado de nenos	SI	CSPD				X	
939	Traxectos debidos a axudas a adultos membros do fogar	SI	CSPD				X	
940	Traxectos debidos ao traballo voluntario e ás reunións	SI	CSPD					X

CÓDIGO	ACTIVIDADE	ACTIVIDADE PRODUCTIVA	SEC / CSPD					
				ALOXAMENTO	COMIDA	ROUPA	COIDADADOS/EDUCACIÓN	TRABALLO VOLUNTARIO
950	Traxectos debidos a actividades de vida social	NON	-					
960	Traxectos debidos a outras actividades de tempo libre	NON	--					
990	Traxectos debidos a cambios de localidade	NON	-					
995	Encher o diario de emprego do tempo	NON	--					
	Actividades relacionadas con outras enquisas	NON	-					
	Outras actividades informais	NON	--					
998	Tempo libre non especificado	NON	-					
999	Outro emprego do tempo non especificado	NON	--					

▪